

Puntuía

(0 votos)



Ramón Neto

O pasado día 9 de novembro ás 21.30 h., na Casa da Vasca de Malpica de Bergantiños tivo lugar a Cea das Letras, organizada pola Asociación Cultura Caldeirón coa colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños.

Durante este acto presentouse a obra gañadora do VII Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas. o libro Chamádeme Eva da escritora Mercedes Leobalde García. No transcurso da Cea das Letras deuse a coñecer o fallo do xurado do VIII Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas, correspondente á edición deste ano.

Logo de ver as 15 obras presentadas e despois de deliberar sobre as características de cada unha delas, seleccionaron a titulada Dominio Público que resultou ser do escritor arousán Ramón Neto. A obra, que alterna poemas en verso con prosas poéticas, presenta ademais un léxico rico e variado que se atreve ata coa astronomía e os corpos celestes, un calidoscopio de puntos de vista no eu lírico e frecuentes xogos cómplices co lector nos que se funden e confunden literatura e "realidade". Todo o dito fai de Dominio público un poemario dunha gran modernidade, variado, fresco e enxeñoso sen renunciar con todo a certas referencias culturais, cinéfilas e pictóricas- e dunha notable calidade literaria.

O xurado propón igualmente unha mención para o poemario presentado co título Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter da escritora Verónica Martínez Delgado.

O xurado do VIII Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas estivo composto por Mercedes Leobalde García, gañadora da edición anterior do premio; Antón Lois Noceda Carballo, Animador Sociocultural do Concello de Malpica; e Francisco Quiroga López, Presidente da A.C. Caldeirón.

Ramón Neto nace na Illa de Arousa no 1975. O seu primeiro libro, A estación única dunha illa, recibe o XXII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé no 2009. Tres anos despois faise co XVI Premio de Poesía Miguel González Garcés polo poemario As lavandas adáptanse a todo erro de navegación.